

ANEXO V

Programa de formación inicial do persoal non médico para o uso do desfibrilador semiautomático/automático externo

1. Formación inicial.

Esquema de contido e tempo para 18 alumnos.

1. Introducción (30 minutos).

-Historia.

-Definición do problema da PCR na poboación.

-Concepto de cadea de supervivencia.

-Importancia desfibrilación precoz.

-Experiencias noutros países. Experiencia na nosa Comunidade. Lexislación autonómica.

-Énfase no papel do primeiro interveniente na cadea de supervivencia. Os seus actos salvan vidas e cerebros.

-Responsabilidade.

2. RCP básica (30 minutos).

-Anatomía e electrofisioloxía básica do corazón. PCR de orixe cardíaca. FV, TV, asistolia.

-Signos e síntomas da PCR.

-RCP básica.

3. Coñecemento teórico do Desfibrilador Semiautomático/Automático Externo (30 minutos).

-Comprensión. Que é? Para que serve?, protocolos para a súa utilización.

-Control. Rexistro de eventos e voz.

-Seguridade. Para o paciente e para o operador.

-Resolución problemas frecuentes: obesos e mamas grandes, delgados, FV recorrente, MP definitivo implantado, reanimador único.

4. Práctica A (90 minutos).

-Coñecemento do Desfibrilador Semiautomático/Automático Externo (DESA) (45 minutos).

-Práctica vía aérea: boca-boca, balón autoinflable, máscaras de bolso. Oxíxeno suplementario. Desobstrución vía aérea (45 minutos).

-6 alumnos.

5. Práctica B (90 minutos).

-SVB con 2 rescatadores.

-15 minutos por alumno. 6 alumnos.

6. Práctica C (90 minutos).

-Adestramento con aplicación combinada SVB e DESA con equipos de 2 rescatadores. (Todos os alumnos deben ser líderes e acompañantes).

Obxectivo menos 90 sg.

-15 minutos por alumno. 6 alumnos.

7. Mantemento do DESA e recollida de datos (Uts-tein) (30 minutos).

8. Avaliación.

-Teórica (15 minutos).

-Práctica: tres profesores en tres clases simultaneamente a 10 minutos por alumno (= 60 minutos). Todos os alumnos deben ser líderes e acompañantes.

Partindo do estudo dun caso, incluíra o recoñecemento e identificación dunha situación de parada cardiorrespiratoria (PCR), as manobras de soporte vital básico (SVB), a utilización do desfibrilador externo para analizar o ritmo cardíaco, a aplicación da desfibrilación e, se é o caso, o estudo das reaccións do operador ante diversas circunstancias que poidan presentarse no desenvolvemento do seu cometido.

-Avaliación curso/profesores (15 minutos).

9. Clausura do curso.

ANEXO VI

Materiais suficientes para a docencia

Para clases teóricas:

-Un proxector de diapositivas ou canón de luz con ordenador.

-Unha pantalla de proxección.

Para clases prácticas:

-3 manequíns para práctica de RCP básica.

-3 DESA con todo o material necesario para o seu funcionamento, incluíndo bolsas de transporte.

-3 DESA de adestramento para simular as distintas arritmias.

-3 maletas de reanimación que deben conter cada unha como mínimo: respirador manual autoinchable con reservorio; tubos de guedel de diferentes tamaños; bala de oxíxeno portátil.

-Luvas dun só uso.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 28 de abril de 2005 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos, que exerzan o seu dereito á propiedade, por aplicación da Lei 3/1993, do 16 de abril, relativa ás parcerías e aos arrendamentos rústicos-históricos de Galicia.

A Lei 3/1993, do 16 de abril, regula o réxime xurídico das parcerías e arrendamentos rústicos-históricos de Galicia, entendendo por tales aqueles que

se pactaron con anterioridade a agosto de 1942, sexa cal fose a súa procedencia xurídica inicial e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia.

O Decreto 381/1998, do 29 de decembro, establece unha liña especial de axudas a que poderán acollerse aqueles titulares de parcerías e arrendamentos históricos que desexen exercer o seu dereito de acceso á propiedade.

Na disposición adicional primeira do referido decreto establécese que anualmente se dotarán nos orzamentos xerais da comunidade autónoma os créditos necesarios para atender as axudas derivadas da súa aplicación.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Os parceiros e arrendatarios de predios rústicos, a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, que comunicaron a súa intención de exercer o dereito de acceso á propiedade, poderán acollerse ás axudas que establece o Decreto 381/1998, do 29 de decembro, no cal se recollen os tipos de axuda, criterios de prioridade establecidos no seu artigo 5, tramitación e formalización das ditas axudas.

Artigo 2º.-Presentación de solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas poderán presentarse preferentemente nos servizos centrais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, así como nas súas delegacións provinciais, oficinas agrarias comarcais desta consellería ou oficinas comarcais da Xunta de Galicia, que se formalizará no impreso oficial que se inclúe como anexo I do citado decreto. Así mesmo, poderase presentar por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, conforme á súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. A solicitude segundo modelo anexo I do Decreto 381/1998, do 29 de decembro (DOG nº 9, do 15 de xaneiro de 1999) virá acompañada da seguinte documentación:

a) Copia compulsada da escritura de adquisición, onde se acredite a condición de arrendamento ou parcería histórica.

b) Relación de gastos, cos seus xustificantes, obxecto da subvención.

c) Fotocopia compulsada do DNI ou NIF.

d) Declaración da renda que acredite que obtén máis do 50 por 100 da renda anual da actividade agraria.

e) Certificación de estar afiliado á Seguridade Social agraria.

f) Certificado da correspondente entidade bancaria da conta do beneficiario en que se aboará a correspondente axuda.

g) Certificación expresa da Consellería de Economía e Facenda de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia.

h) Certificado de acreditación de encontrarse ao día das obrigas fiscais.

i) Outros documentos en función da axuda solicitada.

j) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo fin polas distintas administracións públicas competentes.

3. O prazo de presentación de solicitudes terminará o 30 de setembro deste ano 2005.

Artigo 3º.-Instrución e selección de solicitudes.

A tramitación das axudas levarase a cabo segundo os requisitos que se describen no Decreto 381/1998, do 29 de decembro.

Unha vez examinadas as solicitudes de axuda, aquelas que cumpran os requisitos, serán valoradas pola comisión de avaliación creada para tal fin, segundo os criterios de valoración establecidos no citado decreto.

Esta comisión de avaliación estará presidida polo subdirector xeral de Infraestruturas Agrarias, e estará composta ademais polo xefe de Servizo do Medio Rural e un funcionario pertencentes, á Unidade Administrativa responsable da tramitación das axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos, que exerzan o seu dereito á propiedade. O funcionario responsable da tramitación das ditas axudas actuará como secretario da comisión.

Unha vez valoradas as solicitudes, a comisión de avaliación elevará o correspondente informe ante o director xeral de Infraestruturas Agrarias e elaboraranse as propostas de concesión da subvención ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, onde figurará o seu importe previsto, de acordo co establecido na normativa e segundo a dotación orzamentaria existente para estas liñas de axuda.

Artigo 4º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, ditará a resolución de concesión das subvencións que será notificada a cada beneficiario. Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, caberá interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro no prazo dun mes, ou poderá ser impugnado directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses; ambos os dous prazos serán contados a partir do día seguinte á recepción da dita notificación.

No caso de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses sinalado no artigo 6º (alínea f) do Decreto 381/1998, do 29 de decembro, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 5º.-Formalización da axuda.

O beneficiario das axudas reguladas nesta orde, previamente o libramento dos fondos, estará obrigado a suscribir coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, o acordo que consta como anexo II do decreto anteriormente citado, comprometéndose ambas as partes ao cumprimento das estipulacións xerais e das condicións particulares establecidas nel.

Artigo 6º.-Obrigas.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

Artigo 7º.-Modificacións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións consideradas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 8º.-Incompatibilidades.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera establecida por outras administracións públicas para o mesmo fin, agás no caso de accións que pola súa singularidade, canto ao seu alcance e ás súas repercusións, así o requiran.

Artigo 9º.-Reintegro.

O beneficiario queda obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública per-

cibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Artigo 10º.-Dotación orzamentaria.

As subvencións consideradas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación 09.02.422D.770.0, axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, dotada cun crédito de douscentos corenta mil euros (240.000 €). A concesión das axudas quedará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Primeira.-O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e á Consellería de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de atoparse ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a autorización que figura no anexo desta orde, para os efectos de que a Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias poida solicitala por vía informática.

Quedan exentos de presentar os xustificantes do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, Facenda autonómica e Axencia Tributaria, de acordo co establecido no artigo 41 da Lei 13/2004, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, os beneficiarios de axudas que non superen o importe de 1.500 €.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde, haberá que averse ao disposto nos artigos 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro e no Decreto 381/1998, do 29 de decembro.

Disposición derradeira

Facúltase o director xeral de Infraestruturas Agrarias para ditar aquelas disposicións complementarias precisas para a aplicación desta orde, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2005.
José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL
Dirección Xeral de Desenvolvemento
Rural

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA ACCESO Á PROPIEDADE DE PARCERÍAS E ARRENDAMENTOS RÚSTICOS HISTÓRICOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG102A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
POBOACIÓN	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE XUNTAR

AXUDA SOLICITADA:				
SUBVENCIÓN DIRECTA DO CAPITAL <input type="checkbox"/>	SUBVENCIÓN DE TRAMITACIÓN <input type="checkbox"/>			
FINANCIAMENTO:				
COMPRA DE TERRAS: PARCERÍA OU ARRENDAMENTO RÚSTICO HISTÓRICO	SUPERFICIE QUE SE VAI ADQUIRIR PREZO			
DATOS DA PARCERÍA OU ARRENDAMENTO RÚSTICO HISTÓRICO:				
LUGAR	PARROQUIA			
CONCELLO	PROVINCIA			
EXISTENCIA DE CULTIVOS INTENSIVOS <input type="checkbox"/>	EXISTENCIA DE EDIFICACIÓNES <input type="checkbox"/>			
SUPERFICIE	CLASE DE TERRA	DATA DE CONTRATO	MODALIDADE	Nº DE PREDIOS

OBSERVACIONES

--

LEXISLACION APLICABLE

Orde do 28 de abril de 2005 pola que se regulan axudas para parceiros e arrendatarios de predios rústicos, que exerzan o seu dereito á propiedade, por aplicación da Lei 3/1993, do 16 de abril, relativa ás parcelas e aos arrendamentos rústicos-históricos de Galicia.

SIGNATURA DO SOLICITANTE, OU PERSOA QUE O REPRESENTA

..... de de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME
OFICINA RECEPTORA

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 POLÍTICA AGROALIMENTARIA
 E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDIMENTO	CODIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<i>SUBVENCIÓN PARA ACCESO Á PROPIEDAD DE PARCERÍAS E ARRENDAMENTOS RÚSTICOS HISTÓRICOS</i>	<i>AG102A</i>	<i>AUTORIZACIÓN</i>

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conseillero de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 22 de marzo de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, das táboas salariais para o ano 2005 do convenio colectivo da empresa Gestamp Vigo, S.A.

Vista a acta das táboas salariais para o ano 2005 do convenio colectivo da empresa *Gestamp Vigo, S.A.*, con nº de código 3603302, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 16-2-2005, subscrita pola comisión paritaria do convenio con data do 26-1-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito

de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 22 de marzo de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
 Delegado provincial de Pontevedra